

PREGUNTA DE AER SOBRE AS OBRAS DO AVE

PLENO 28 XUÑO 2012. ACTA 11/2012

““Na Comisión de seguimento das obras do AVE do 8 de febreiro de 2012 informouse que se seguían facendo traballos nocturnos, estando estes totalmente prohibidos. A resposta do responsable de Fomento presente nesa reunión foi que descoñecía esa situación, pero que non se volverían repetir. Na última comisión (20/06/2012) infórmase que se seguen a realizar este tipo de traballos. Ou sexa, que non se cumpriu o acordo tomado. Lembremos que os veciños de Negros levan máis de 4 anos sufrindo esta situación. Dende AER propuxemos que a Policía Local pase tódolos días polas obras a partir das 20:00 h, hora á que deben cesar os traballos, para comprobar esta situación; e en caso de que estean traballando, levanten acta da situación para así poder aplicar as sancións correspondentes por parte do Concello, compromiso que o alcalde asumiu. Na visita realizada ás obras o 26 deste mes, os veciños informaron de que se segue traballando de noite e o alcalde informou da decisión tomada na comisión, tando aos veciños como ao responsable de Fomento. Xa estamos fartos de boas palabras e boas actitudes, levan máis dun ano gobernando e coñecendo esta falta moi grave por parte das empresas construtoras, que pode ser castigada segundo a ordenanza municipal con multas dende 9015.19 € a 60.101.21 €. En máis de 4 anos que s eleva incumprindo a ordenanza municipal non se puxo nin unha soa multa, cousa estraña cando sería unha boa medida para paliar este incumprimento e para encher as arcas municipais nestes momentos de crise.

Teñen pensado seguir vixiando estas obras e en caso de incumprimento da ordenanza aplicar a sanción correspondente?. A nos parécenos de xustiza que así o fagan.

O concelleiro Pazos Couñago dí que teñen pensado seguir vixiando estas obras. Se teñen coñecemento de algunha falta grave, actuarán. Lee un informe ao respecto da policía local.